



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA **27/11/2008**

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
D. Idefonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
D^a Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE
D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP
D^a M^a Susana López Abella, grupo PP
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP
D^a. M^a Cándida Carneiro Blanco, grupo PP
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

AUSENTES:

SECRETARIO:

D. Rafael del Barrio Berbel.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día vinte e sete de novembro de dous mil oito, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

ORDE DO DÍA:

1º. - APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30/10/2008.

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente á sesión ordinaria de data 30/10/2008. O non haber observacións enténdese aprobada por unanimidade.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

2º.- APROBACION REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE CHANTADA. Expte: 217/516/2008

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Resultando que por Resolución de Alcaldía de data 3/11/2008 iniciouse o correspondente expediente para a elaboración e aprobación dun Regulamento do Consello Escolar Municipal de Chantada.

Visto o proxecto de Regulamento redactado polos servizos xurídicos municipais.

Visto o informe do Secretario municipal de data 5/11/2008.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de cultura, educación xuventude e deportes de data 20/11/2008.

Aberto o debate pola presidencia, intervén a Sra. López Abella que se mostra favorable á aprobación do Regulamento do Consello Escolar Municipal, aínda que, matiza que debería recollese á escola infantil de 0 a 3 anos, xa que a Lei Orgánica de Educación (LOE) contempla o proxecto educativo e a educación infantil de 0 a 6 anos; e dado que Galicia está a Consellería de Educación por unha banda, e Vicepresidencia por outro, que leva a política educativa de 0 a 3 anos, sería interesante que estivesen recollidos todos os centros educativos.

A Sra. Gómez Alvarez sinala que a escola infantil non depende Educación, que é máis un servizo social que educativo, pero non ve ningún inconveniente en que se inclúan tamén as escolas infantís.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o “Regulamento do Consello Escolar Municipal de Chantada”.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, e dar audiencia aos interesados por un prazo de 30 días para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento considerárase definitivamente aprobado.”

3º.- ALEGACIÓNS DO CONCELLO DE CHANTADA AS “DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA” APROBADAS INICIALMENTE POR ORDE DO 15/09/2008.

Os grupos integrantes da Corporación Municipal do Concello de Chantada, unha vez consultadas as distintas asociacións e sectores vencellados por diversos motivos no desenvolvemento económico e social deste municipio de Chantada, formulan para a súa aprobación polo pleno as alegacións que se relacionarán ás Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia aprobadas inicialmente por Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 15 de setembro de 2008 que se publicou no Diario Oficial de Galicia do mércores, 17 de setembro de 2008, para que se adopte polo pleno do Concello acordó no sentido que tamén se dirá.

“ALEGACIÓNS:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

CHANTADA CABECEIRA DE SISTEMA URBANO INTERMEDIO POR:

1ª.- Centralidad territorial con infraestructuras rematadas e proxectadas de conexión co centro e norte do Estado e a rexión atlántica.

2ª.- Cabeceira de comarca e partido xudicial (Comprende os concellos de Portomarin, Palas de Rei, Antas de Ulla, Monterroso, Taboada, Carballedo e Chantada) e polo tanto con influencia económico-social no centro-sur de Lugo (Ademais dos Concellos que forman o partido xudicial, pódese engadir o do Saviñao), norte de Ourense (A Peroxa, Os Peares, Cea, Vilamarín) e norte-leste de Pontevedra (Rodeiro principalmente).

3ª.-Potencialidad relevante nos sectores agrícola-gandeiro (Icos é unha das cooperativas máis importantes de Galicia), vitivinícola (Maior produtor da denominación de orixe Ribeira Sacra), patrimonial natural e paisaxística (Ribeira Sacra Chantadita, Monte Faro) e arquitectónica e cultural.

4ª- RIBEIRA SACRA. O Río Miño favorece a creación do denominado Corredor Verde, xa que percorre a totalidade do límite do municipio o que favorece sen dúbida o turismo e asemade o sector vitivinícola asentado, nunha grande porcentaxe do existente na Ribeira Sacra, neste termo municipal.

5ª.-Consideramos que as DOT non teñen en conta no sur da provincia de Lugo, a existencia de dúas comarcas perfectamente diferenciadas con cabeceiras en Monforte de Lemos e Chantada. Tanto na prestación de servizos educativos, como da administración de xustiza, no comercio e na súa base económica, Chantada e Monforte encabezan comarcas perfectamente diferenciadas exercendo o liderado como vilas de referencia en territorios amplos e moi distantes entre si.

6ª.-A dimensión demográfica de Chantada dunha magnitude semellante á maioría das cabeceiras do oriente galego e maior a de vilas de áreas periféricas como Corcubión ou Cee, como pola semellanza das tendencias demográfica, non pode ser privada por estas razóns da súa condición de cabeceira comarcal e excluída do “Sistema Urbano Intermedio” na planificación e consecuentemente sen as políticas activas que as DOT definen para que as cabeceiras poidan seguir a cumprir a papel de “determinantes para dinamizar os procesos de desenvolvemento e asegurar a dispoñibilidade de servizos urbanos de certo nivel nas zonas máis débiles do territorio de Galicia. ... referencias territoriais imprescindibles para previr o despoboamento e a agudización dos desequilibrios territoriais en amplas zonas do interior.”

7ª.-Chantada opera como cabeceira da comarca Ulloa-Chantada e non so por ser o núcleo urbano máis importante e pola súa condición de capital do partido xudicial. Se atendemos á vontade dos concellos e do tecido asociativo de todo tipo, podemos comprobar como asociacións e concellos recoñecen a Chantada como cabeceira ao constituíren un único Grupo de Desenvolvemento Rural, con sede en Chantada para o Partido Xudicial, mesmo rompendo coa inercia que supoñía a preexistencia da Asociación da Ribeira Sacra Lucense integraba Monforte e Chantada nun mesmo programa de desenvolvemento rural.

8ª-Chantada como comarca eminentemente gandeira, ten a única feira de gando importante que se mantén na provincia de Lugo sen outro apoio que o dos labregos que acoden á comercialización gandeira. A feira de Chantada, que se celebra dúas veces ao mes, é a feira da gandería de todo o sur de Lugo, de Rodeiro e da do noroeste de Ourense.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

9ª.-Chantada é unha das subzonas de maior produción de viño e un dos Concellos con maior número de viticultores censados na D.O. Ribeira Sacra, zona recoñecida a nivel nacional e intenacional tanto polo seu valor na produción de viños como polo seu valor ambiental, cultural e paisaxístico, polo tanto debe recollerse como un espazo de potencialidade de

desenvolvemento e como importante polo de atracción turística, polo que debe ser considerado como núcleo interior Vinculado ó Patrimonio Natural.

10ª.-Dende o punto de vista das razóns que para diversos casos particulares se dan nas DOT para considerar a unha vila destinataria das políticas activas que se definen para as cabeceiras de comarca ou “nodos do sistema urbano intermedio” e para os “nodos para o equilibrio do territorio” Chantada dircir:

- Que conta cunha infraestrutura de subministro eléctrico que é unha oportunidade para o desenvolvemento industrial, ao igual que o é a abundancia de auga que se pode subministrar por gravidade sen gasto enerxético ningún.

-Que conta cun casco histórico en proceso de rehabilitación que vai fornecer unha oferta de vivendas de calidade para acoller aos que dende os outro municipios da comarca chegan buscando mellores servizos.

-Que conta cun patrimonio natural de valor xa recoñecido dentro e fora de Galiza que dende os bancos da ribeira do Miño á Serra do Faro está salpicado de monumentos arquitectónicos que a converten nun centro turístico que está a medrar ano a ano.

-Que dende o punto de vista das comunicacións Chantada vai dispoñer de grandes oportunidades de desenvolvemento pola súa ubicación na intersección da autovía Lugo a Ourense coa autovía central de acceso a Galiza, única vía de conexión coa meseta que non se interrompe coas neves do inverno. Chantada vai ser o nodo central de comunicación por estradas cando se constrúa a autovía Monforte Chantada que nas DOT xa se da por feita pero esta autovía acércanos a Ponferrada ou ao Barco de Valdeorras pero non reducirá o tempo de viaxe a Monforte.

11ª.-Como quedou expresado no apartado 2º das presente, Chantada é cabeceira de comarca e partido xudicial que engloba os concellos de Chantada, Taboada, Carballedo, Portomarín, Palas, Antas e Monterroso, polo tanto non ten sentido a designación de Chantada como Subcabeceira, sendo necesario que as DOT contemplan Chantada como Cabeceira de Comarca que natural e historicamente lle pertence, e motor loxístico e nó de conexión, como enclave excepcional no ámbito das infraestructuras. En Galicia, nos últimos anos, desenvolveuse un modelo de Ordenación do Territorio orientado á renovación dos nosos viais interiores, á conexión co resto da península coas mellores vías de comunicación, de maneira que, por primeira vez na nosa historia, o tradicional illamento de Galicia, non fose un impedimento para o noso desenrolo, o que se ven a denominar “articulación solidaria”, de Galicia co resto de España e dos distintos municipios entre sí.

A mellor conexión viaria trae como consecuencia o apoio recíproco entre municipios urbanos, intermedios e rurais de Galicia, o entendemento entre os axentes económicos e sociais de cada comarca galega.

A nadie se lle escapa que os investimentos en infraestructuras estratéxicas repercuten directamente no crecemento económico e na renda, con efectos altamente positivos no tecido empresarial e na creación de emprego, ca autorvía Chantada-Monforte-Ponferrada e as futuras autovías Lugo-Ourense, Santiago-Lugo servirá para mellorar as conexións entre Chantada e os concellos da súa actual zona de influencia e dende logo ser o núcleo central do interior.

12ª.-Considerar ó Concello de Chantada como Núcleo Interior Vinculado ó Patrimonio Natural, pois consideramos que o Concello de Chantada cumpre cos requisitos necesarios para que un



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

municipio ostente tal categoría e se considere a tódolos efectos un núcleo con potencialidade para desenvolver estas funcións territoriais. Estes requisitos son:

-Existencia de núcleos que conservan o seu carácter tradicional.

No municipio chantadino, aínda se pode constatar a existencia de núcleos eminentemente agrícolas, que basean gran peso da súa economía sobre actividades produtivas de carácter

exclusivamente tradicional, como son por exemplo, o cultivo de uva de vinificación en socialcos ou muras na Ribeira Sacra Chantadina, na parroquia de Nogueira.

-Contorna de gran valor natural e paisaxístico.

No municipio de Chantada, principalmente sobresaen dúas figuras de gran valor natural e paisaxístico. Por unha parte atopámonos coa Serra do Faro; este accidente montañoso atópase incluído na Rede Natura 2000, como Lugar de Importancia Comunitaria, presentando entre os seus hábitats un catalogado como hábitat prioritario. Atopámonos polo tanto e a tenor do designado pola Comunidade Económica Europea ante un espazo de gran valor natural.

-Espazo con potencialidade de desenvolvemento por:

-Aproveitamento e disfrute de: actividades acuáticas no Río Miño, pesca, sendeirismo, actividades deportivas, turismo rural, turismo cultural, turismo natural, ecoturismo, turismo etnográfico, a paisaxe, deportes de aventura....

-Existencia dun patrimonio urbano que dota de identidade e atractivo aos núcleos, e a existencia dunha certa dimensión urbana e a súa localización en áreas cun forte declive demográfico.

-Posición estratéxica en relación coas Áreas de Conservación e os Corredores Verdes.

Xa que logo polas razóns expostas os integrantes da corporación municipal PROPOÑEN Ó PLENO DO CONCELLO A FORMULACIÓN DE ALEGACIÓNS ás DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, aprobadas inicialmente por Orde do 15 de setembro de 2008 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, e en tal sentido se adopte o acordó seguinte:

Que nas Directrices de ordenación do territorio formuladas pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia, aprobadas inicialmente por Orde do 15 de setembro de 2008, se propoña ó municipio de Chantada como “CABECEIRA DO SISTEMA URBANO INTERMEDIO”.

Aberto o debate pola presidencia, intervén o Sr. Varela explicando que na reunión de portavoces consensuouse polos distintos grupos políticos que as alegacións das asociacións veciñais e de empresarios eran coincidentes coas nosas, facéndoas nosas e refundíndoas nun único texto. Tamén apunta a necesidade de que se fixe unha reunión cos seis alcaldes dos concellos do partido xudicial para ratificar esta cabeceira de comarca en Chantada.

O Sr. Alcalde matiza que non se está falando de cabeceira de comarca, que se decidiron así en 1996 polo Partido Popular, e aquí fálase de cabeceira de sistema urbano intermedio, e cada alcalde e Concello pode ter os seus propios intereses.

O Sr. Varela incide na necesidade de solicitar eses apoios destes concellos do partido xudicial para que se estableza como cabeceira de sistema urbano.

A Sra. López Abella, sinala que nas alegacións que presentou o Partido Popular de Galicia, faise constar que non existía mais documento de avance que o que existía, e desde o punto de vista procedimental vulnerase o procedemento legalmente establecido de avaliación ambiental estatéxica, non respectando os prazos establecidos na lexislación ambiental, o que pode levar a nulidade da aprobación inicial.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Sometida a proposición a votación é aprobada por unanimidade.

4º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS:

4.1.- PP. MOCIÓN SOBRE AS “DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO”.

Tratado conxuntamente no punto anterior da orde do día.

4.2.- PP. MOCIÓN SOBRE O APOIO O SECTOR LÁCTEO GALEGO.

“O sector lácteo galego está a pasar por unha fonda crise, a peor da súa historia. A caída de prezos en orixe, estimada nun 25% neste ano 2.008, e o incremento dos custes de produción que se estiman no 40%, están a provocar unha fonda inxuedanza nos produtores do noso país.

Galicia é a primeira produtora láctea do Estado, e tamén é a primeira en número de explotacións. Estes datos poñen de manifesto que -para que isto sexa unha realidade- houbo que facer importantes esforzos por parte dos gandeiros galegos en mercar cota, en investir importantes recursos en mercar gando, en melloralas explotacións, en adquirir maquinaria e apeiros, en saneamento gandeiro e mellora xenética dos animais... Por iso, moitas explotacións teñen débedas e créditos aos que teñen que facer fronte. Moitas explotacións viven ao borde da creba económica.

Paralelamente, fálase de que en 2.015 desaparecerá o sistema de cotas, polo que aquelas explotacións que investiron moitos recursos en mercar capacidade de produción (cota), perderán un importante patrimonio e esas explotacións verán mermado o seu valor de mercado.

O actual goberno de Galicia –Consellería do Medio Rural- ten, no seu Acordo de Goberno, un aparato dedicado á creación dun Grupo Lácteo Galego. Cando xa pasaron máis de tres anos dende que tomara posesión o goberno, nada se sabe deste asunto.

Asemade, o Sr. Conselleiro do Medio Rural ten manifestado a vontade do goberno de promover os contratos homologados, que poidan darlle unha necesaria estabilidade ao sector. Non parece que se teñan acadado grandes logros nesta materia xa que, ata o de agora, os contratos non foron asinados por tódalas industrias que operan no noso país. Tampouco hai un prezo mínimo de referencia e, polo tanto, os produtores non poden planificar o seu futuro. O leite é branco pero as súas perspectivas cada día son máis negras.

Os produtores están preocupados porque temen que poida chegar un día no que non lle recollan o leite nas explotacións. A entrada de leite foráneo en España –procedente de países excedentarios- está a tiralos prezos cara abaixo. Sería moi importante que houbera un indicativo de procedencia no leite que está a venda no mercado.

En definitiva, sería necesario que o goberno de Galicia, consciente das responsabilidades que asume en base ao noso Estatuto de Autonomía, puxera en marcha un Plan Estratéxico para o Sector Lácteo, ao que puideran facer achegas os Sindicatos Agrarios, os Produtores, as Industrias, os Partidos Políticos... Un Plan de País, destinado a xuntar esforzos e buscar compromisos que puideran levar a necesaria tranquilidade ao sector, que é estratéxico para Galicia e nomeadamente para Chantada, así pois dende o Concello de Chantada, onde o sector gandeiro ten un importantísimo peso, deberíamos presentar unha iniciativa de impulso o Goberno da Xunta a fin de deixar clara a nosa postura en defensa dun das nosas principais bases de produción.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte MOCION para a súa consideración e aprobación polo Pleno do Concello de Chantada:

O Concello de Chantada acorda solicitar da Xunta de Galicia e do Ministerio do Medio Rural a adopción das seguintes medidas:

- 1.- A posta en marcha dun Contrato Homologado único para todo o Estado.*
- 2.- Impulsar tódalas accións necesarias encamiñadas á recollida de todo o leite producido en Galicia, independentemente de que se comercialice por gandeiros ou cooperativas.*
- 3.- Promover a trazabilidade do leite, co fin de que o consumidor poida coñecer a orixe do produto que consume.*
- 5.- Elaboración dun Plan Estratégico para o Sector Lácteo Galego, que contemple entre outras, as seguintes medidas:*
 - incentivos de apoio económico para produtores,*
 - plan de abandono e xubilación anticipada e*
 - un acordo entres produtores e industrias para acadar un prezo de referencia.”*

Defende a moción o portavoz do Grupo PP, o Sr. Varela Rodríguez, que pide ao Sr. Piñeiro que explique as alegacións do BNG para poder aprobar a moción por unanimidade.

O Sr. Piñeiro refírese o contido dunha Proposición non de Lei do Parlamento do Estado aprobada polos grupos PSOE, PP e BNG, que vai na mesma linea da emenda que se pretende introducir á moción do grupo PP:

- 1.- Que se defenda no ámbito da UE, e se impulsen no que sexa da propia competencia do Estado, o estudio e no seu caso a adopción de medidas, que outorguen maior transparencia ao mercado do leite, eviten movementos especulativos e articulen mecanismos que poidan contribuir a conseguir rendas dignas para os produtores e ofrecerlles aos consumidores unha maior e mellor información.*
- 2.- Mellorar no ámbito de competencia do Estado, mecanismos para controlar o destino e utilización dos produtos lácteos procedentes de intercambios comunitarios.*
- 3.- Impulsar ante a Comisión Europea, a realización dun seguimento da evolución do mercado do leite de cara ás revisións intermedias del 2010 e 2012, introducidas recentemente en el marco do Chequeo Médico, para analizar o resultado das decisións adoptadas e en todo caso, tomar medidas oportunas para colocar os produtores nas mesmas condicións de competir en calquera escenario que se dea no 2015.*
- 4.- Defender a permanencia de mecanismos de intervención sobre os derivados lácteos, para contribuir a darlle estabilidade ao sector.*
- 5.- Que se arbitren mecanismos tendentes a asegurar a estabilidade dos prezos pagados en orixe aos gandeiros co obxectivo de impedir o abandono de moitas explotacións.”*

O Sr. Varela sinala que subscribiría case todo o texto leido pero habería que ter en conta a elaboración dun plan estratéxico para o sector lácteo galego con incentivos económicos para os produtores, cun plan de abandono e xubilación anticipada, e un acordo entre produtores e industrias para alcanzar un prezo de referencia. Tamén sinala a necesidade de que se constituía un grupo lácteo a nivel galego con selo de calidade de Galicia, con apoio da Administración do mesmo xeito que nos contratos homologados.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Piñeiro sinala a preocupación do grupo BNG pola situación do sector lácteo, pola vulneración do sector polo sistema de prezos e un sistema de explotacións ás que non se dotou de suficiente base territorial. Móstrase en contra do plan de abandono e do contrato homologado sen unha política de prezos anterior, sinalando que hai apoios bos para incrementar as bases produtivas das explotacións, e que teñen dúbidas de apoiar este tipo de iniciativas insistindo nos puntos aprobados no Parlamento do Estado.

O Sr. Alcalde explica que na anterior Xunta de Goberno Local aprobáronse as mocións presentadas polos sindicatos agrarios e prestouse colaboración no transporte na medida das nosas posibilidades.

O Sr. Varela sinala a necesidade de chegar a un acordo os tres grupos políticos en Chantada como se fixo no Parlamento, mostrándose de acordo con retirar da moción o plan de abandono e o contrato homologado, e engadindo a emenda do BNG, xa que todos teñen que estar de acordo cun sector lácteo galego forte que se comercialice cun selo de calidade e con mercados para que non se deixe de coller leite a ninguén.

Sometida a moción a votación coa emenda do grupo BNG é aprobada por unanimidade no seguinte sentido:

“O Concello de Chantada acorda solicitar da Xunta de Galicia e do Ministerio do Medio Rural a adopción das seguintes medidas:

1.- Impulsar tódalas accións necesarias encamiñadas á recollida de todo o leite producido en Galicia, independentemente de que se comercialice por gandeiros ou cooperativas.

2.- Promover a trazabilidade do leite, co fin de que o consumidor poida coñecer a orixe do produto que consume.

3.- Elaboración dun Plan Estratégico para o Sector Lácteo Galego, que contemple entre outras, as seguintes medidas:

-incentivos de apoio económico para produtores,

-un acordo entres produtores e industrias para acadar un prezo de referencia.”

4.- Que se defenda no ámbito da UE, e se impulsen no que sexa da propia competencia do Estado, o estudio e no seu caso a adopción de medidas, que outorguen maior transparencia ao mercado do leite, eviten movementos especulativos e articulen mecanismos que poidan contribuir a conseguir rendas dignas para os produtores e ofrecerlles aos consumidores unha maior e mellor información.

5.- Mellorar no ámbito de competencia do Estado, mecanismos para controlar o destino e utilización dos produtos lácteos procedentes de intercambios comunitarios.

6.- Impulsar ante a Comisión Europea, a realización dun seguimento da evolución do mercado do leite de cara ás revisións intermedias del 2010 e 2012, introducidas recentemente en el marco do Chequeo Médico, para analizar o resultado das decisións adoptadas e en todo caso, tomar medidas oportunas para colocar os produtores nas mesmas condicións de competir en calquera escenario que se dea no 2015.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

7.- Defender a permanencia de mecanismos de intervención sobre os derivados lácteos, para contribuir a darlle estabilidade ao sector.

8.- Que se arbitren mecanismos tendentes a asegurar a estabilidade dos prezos pagados en orixe aos gandeiros co obxectivo de impedir o abandono de moitas explotacións.”

4.3.- PP. MOCIÓN SOBRE O DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Tratase conjuntamente no seguinte punto da orde do día.

4.4.- PSOE. MANIFESTO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. MOCIÓN CONXUNTA GRUPOS POLÍTICOS.

Procede á lectura da moción conxunta dos grupos políticos a Sra. Río Bimbiela:

“A Lei Integral contra a Violencia de Xénero vai cumprir próximamente catro anos de vixencia. O compromiso adquirido polo Goberno socialista coa cidadanía, as institucións, os distintos equipos profesionais e, en especial, coas vítimas desta violencia, segue vixente e máis forte que nunca.

O desenvolvemento da Lei cumpríuse nunha gran parte: Dotouse en seguirase dotando financeiramente, o número de denuncias creceu espectacularmente, as infraestructuras que contempla a Lei foron postas en marcha na súa maioría, o Plan de Sensibilización 2007-2008 conclúe esta primeira fase no próximo mes de Decembro e o seu grao de cumprimento, así como o impulso á consecución dos seus obxectivos estratéxicos, propuxeron un enorme avance.

Pero o éxito de Leis como esta esixen, ademais, un apoio e vontade social completos e sen fisuras: As normas emanarán da sociedade, impregnar a quen van dirixidas e profundan e enraizar na súa memoria colectiva. Son os dereitos básicos de cidadanía e por ela deben ser defendidos.

Por iso este ano debemos, ademais e complementariamente, render a nosa máis profunda homenaxe a aqueles cidadáns e cidadás que antepuxeron ata a súa integridade física á axuda solidaria ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

A aqueles cidadás que loitan e seguirán loitando por devolver a dignidade ás mulleres que, polo mero feito de selo, sofren a mentalidade posesiva machista e ás veces cústalles a vida.

A aqueles cidadáns e cidadás que, sentindo a terrible inxustiza que para as vítimas supón a violencia de xénero, intentan cambiar as mentalidades opresoras e represivas dos maltratadores e a iso dedican o seu esforzo e traballo con total honestidade e dedicación.

A aqueles cidadadáns e cidadás que, tanto desde os estamentos sociais en contacto con esta secuela como aqueloutros e outras desde a súa vivencia cotiá, fan recuperar ás vítimas de violencia de xénero a liberdade que lles é negada e á que todos os seres humanos temos dereito.

Uns teñen nomes e apelidos: Daniel Oliver, unha nova vida que se trincou por defender a unha muller que estaba sendo maltratada en Valencia e que morreo en decembro de 2007, e Jesús Neira, que sufriu e está sufrindo un longo proceso de recuperación tras unha brutal agresión infringida por defender a unha muller agredida en Madrid.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Doutras e outros non coñecemos os seus nomes pero sabemos que están entre nós, loitando denodamente para devolver a liberdade, a dignidade e a xustiza ás mulleres vítimas de violencia de xénero: Eles e elas han de ser os referentes, as persoas que orienten as nosas vontades, para erradicar, entre todas e todos, que na nosa sociedade exista tanto dor, tanto temor e tanto sufrimento, recuperando definitivamente a nosa calidade de cidadanía digna e libre, en igualdade plena."

Aberto o debate pola presidencia a Sra. López Abella en nome do grupo Partido Popular da o parabén á Concelleira de Muller polos actos desta semana con motivo do día internacional da violencia de xénero, explicando as cifras de vítimas mortais e sentenzas condenatorias por

violencia de xénero a nivel estatal e de Galicia. Tamén agradece que se incorporasen no manifesto conxunto os puntos da moción do Partido Popular, apuntando a posibilidade de que se inclúa un plan municipal contra a violencia de xénero ou que se teña en conta para o ano próximo.

Sometida a moción conxunta a votación é aprobada por unanimidade.

4.5.- PSOE. MOCIÓN EN RELACIÓN COA LEI 50/2007, POLA QUE SE RECOÑECEN E AMPLIAN DEREITOS E SE ESTABLECEN MEDIDAS A FAVOR DOS QUE PADECERON PERSECUCIÓN OU VIOLENCIA DURANTE A GUERRA CIVIL E A DITADURA

Procede á lectura da moción a Sra. Río Bimbiela:

"Esta moción inspírase nos valores e principios que fixeron posible a Transición no noso país: a reconciliación, a concordia, a defensa pacífica de todas as ideas e o respecto ao pluralismo; con ese espírito reencontrámonos todas as cidadás e cidadáns na Constitución de 1.978.

Desde entón avanzamos xuntos na mellora da convivencia e na ampliación das liberdades; tamén na aprobación de medidas, no recoñecemento dos dereitos dos que sufriron as consecuencias da guerra civil e o réxime ditatorial que a sucedeu.

Acertadamente, ao longo destas tres décadas, cada un deses avances foi visto por toda a cidadanía como un paso necesario non só para pechar feridas, senón tamén para fortalecer a democracia que todas e todos compartimos.

Nese traxecto, na senda da cohesión e a concordia, insírese a Lei 50/2007, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura.

No articulado da mencionada Lei, coñecida como "Lei de Memoria Histórica", aténdese á xusta e lexítima demanda dos numerosos cidadáns que ignoran o paradiro dos seus familiares -algúns aínda en fosas comúns-, contemplando medidas e instrumentos para que as Administracións Públicas faciliten aos interesados que o soliciten, as tarefas de localización e, se é o caso, identificación das persoas desaparecidas, como unha última proba de respecto a elas e a eles.

Tamén se establecen, unha serie de medidas en relación cos símbolos e monumentos conmemorativos da Guerra Civil e a Ditadura, sustentadas no principio de evitar toda exaltación da sublevación militar, da Guerra Civil e a posterior Ditadura; e destinadas a facer dos símbolos públicos puntos de encontro e non de enfrontamento, ofensa ou agravio.

Este concello, mediante a adhesión a esta moción de todos os partidos democráticos e forzas políticas integrantes da Corporación, pode manifestar a súa vontade de contribuír a pechar feridas aínda abertas nos españois; pode dar satisfacción aos cidadáns que sufriron, directamente ou na persoa dos seus familiares, as consecuencias da Guerra Civil ou da



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Ditadura; pode protexer o dereito cidadán á memoria persoal e familiar, pode promover o coñecemento e a reflexión sobre o noso pasado, para evitar que se repitan violacións aos dereitos humanos como as que se viviron no noso país; e pode facelo desde a convicción de que, ao recoñecer e honrar a aqueles e aqueles compatriotas, honramos tamén á España democrática de hoxe e á España democrática do futuro.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte os seguintes ACORDOS:

1-. Respecto á identificación e localización de vítimas:

- Facilitar aos descendentes das vítimas que o soliciten, as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión posterior e das que se ignora o seu paradiro.*
- Elaborar e poñer a disposición das cidadás e cidadáns interesados, mapas nos que consten os terreos nos que se localicen os restos das persoas previamente mencionadas, incluíndo toda a información dispoñible sobre os mesmos.*
- Incorporar esa información ao mapa que confeccionará o Goberno, seguindo o procedemento que este determine, para que toda a información sexa accesible a todas as cidadás e cidadáns.*
- Preservar especialmente eses terreos.*
- Autorizar as tarefas de prospección para localizar os restos das persoas desaparecidas.*
- Establecer o procedemento e as condicións en que os descendentes directos, ou as entidades que actúen no seu nome, poidan recuperar os restos enterrados nas fosas correspondentes, para a súa identificación e posterior traslado a outro lugar; ponderando, en todo caso, a existencia de oposición de calquera dos descendentes directos das persoas ás que pertencen os restos que deban ser trasladados.*
- A tales efectos, e con carácter previo á correspondente resolución, darase unha axeitada publicidade ás solicitudes presentadas, comunicando en todo caso a súa existencia á Administración Central do Estado, para a súa inclusión no mapa previamente mencionado.*
- Os restos que sexan obxecto de traslado e non fosen reclamados serán inhumados no cemiterio municipal.*

2-. Respecto aos símbolos e monumentos públicos:

- Tomar as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas de exaltación -persoal ou colectiva- da sublevación, da Guerra Civil e da represión da Ditadura; agás que estas sexan de estrita lembranza privada, sen exaltación dos enfrontados, ou cando concorran razóns artísticas, arquitectónicas ou artístico-relixiosas protexidas pola lei.*
- Retirar pola administración Pública as subvencións ou axudas concedidas aos propietarios privados que non actúen do modo previsto no apartado anterior.*
- Colaborar co Goberno e a Comunidade Autónoma na elaboración do catálogo de vestixios relativos á Guerra Civil e a Ditadura.”*

Aberto o debate pola Presidencia o Sr. Piñeiro explica que o grupo BNG apoiou a aprobación da coñecida como Lei da Memoria Histórica, que é importante que se asuma a legalidade vixente recollida na moción, e que as entidades locais colaborem na execución da mesma,



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

coa máxima colaboración e dispoñibilidade para o seu cumprimento. O Sr. Piñeiro propón a creación dunha comisión para levar a cabo o cambio dos nomes das rúas de Chantada, formada polos grupos políticos e polas asociacións de veciños e empresarios.

O Sr. Varela matiza que hai dúas partes a diferenciar, en canto ás vítimas, apunta que en Chantada non hai fosas comúns e que non hai solicitudes respecto diso no Concello, polo que é mellor non darlle voltas a este asunto; e en canto á simboloxía sinala que o concelleiro do grupo BNG Fernando Varela foi incidente niso e xa cambiamos o nome das rúas General Franco e José Antonio Primo de Rivera, non tendo inconveniente en cambiar outros nomes, aínda que non dunha vez polos posibles problemas aos veciños ou comerciantes, de modo que cambien progresivamente de aquí ao final da lexislatura tendo en conta á asociación de empresarios.

Sometida a moción a votación é aprobada por unanimidade.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS

1. Sra. López Abella: Nunha moción do grupo PP solicitouse a creación dunha oficina de atención á dependencia, debido ás dificultades de implementación da lei en Chantada e en Galicia, polo que agora solicitámolo como un rogo, a pesar dos excelentes servizos sociais que hai en Chantada.

PREGUNTAS

1. Sra. López Abella: Aprobada a Lei 39/2006, de 14 de decembro, coñecida como Lei da Dependencia e demais normativa estatal e galega que a desenvolven, non sería necesario que o Concello adaptase a normativa municipal do servizo de axuda no fogar a esa normativa? Cando se vai facer?

- Sr. Alcalde: Os servizos sociais están cubertos, traballaremos nese sentido, tomamos nota diso.

Sra. López Abella: Cantas persoas están valoradas polos servizos sociais do Concello de Chantada e cantas son perceptoras da axuda da Lei da Dependencia?

- Sr. Piñeiro: Na residencia da terceira idade e no centro de día hai xente valorada, pero non temos agora os datos concretos, facilitarémolos mañá. Sería mellor facernos chegar antes este tipo de preguntas para poder traer a información ao Pleno.

2. Sra. López Abella: Aprobouse no Congreso unha proposición non de Lei sobre a homologación dos pasos de peóns. Hai algunha previsión do Concello de Chantada de axustarse a esta homologación?

- Sr. Iglesias: Os dous pasos elevados que hai en Chantada cumpren coa normativa vixente. O do colexio de abaixo que se pintou recentemente poida que incumpra, pero nas travesías non se permite pintar en ningunha cor que non sexa o do fondo da estrada, pero se permitiría ese mesmo paso pola rúa Xoan XXIII. En calquera caso imos intentar sumarnos á petición de Lalín de que se permitise pintar o fondo de azul tanto en travesías como en urbano, xa que é mellor a efectos de seguridade.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Sra. López Abella: Pensa o goberno municipal aumentar os pasos de peóns? Veciños da rúa Alferez Baanante hacia a rúa García Arias mostran a súa preocupación porque os coches circulan a gran velocidade, polo que sería conveniente por outro paso de peóns.

- Sr. Iglesias: Haberá que valorar a localización e o custo económico, xa que tamén hai quen di que pode perxudicar a circulación de vehículos, a camións e autobuses. Estase acompañando tamén con maior control da Policía Local, con sancións bastante duras por condución temeraria.

3. Sra. López Abella: É certo que o goberno municipal ten pensado adxudicar a unha empresa privada o cobro das sancións?

- Sr. Iglesias: Neste momento está nunha fase de proba, era unha petición da Policía Local e outros funcionarios. Hai un contrato de seis meses cunha empresa e págaselle unha porcentaxe da recadación, 20% da voluntaria e 50% da recarga en executiva. Se funcionase sacaríase a licitación.

4. Sra. López Abella: O Concello ten previsto algún tipo de planificación respecto de melloras en infraestructuras viarias en distintas parroquias? Xa que constatamos que hai bastantes pistas en mal estado.

- Sr. Alcalde: Depende das dispoñibilidades que teñamos vía canon, estanse valorando por parte da Deputación.

5. Sra. López Abella: Estanse realizando programas institucionais en medios de comunicación privados? Que contía está asignada a publicidade en 2008?

- Sr. Iglesias: Séguese a política anterior, facturación mensual de "Televinte" como ven facendo desde 3 ou 4 anos, non se aumentou a cantidade económica.

E sendo, as vinteuna horas e cinco minutos, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 28 de novembro de 2008

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel